



## Informe de Secretaría - Intervención

En cumprimento do disposto polo art. 168.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), art. 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que o desenvolve parcialmente, ós efectos previstos polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local (en adiante, LRBRL) en relación co previsto polo art. 13.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo e modificados polos Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009, do 12 de marzo (en adiante, **Estatutos**) e demais disposicións concordantes de aplicación, á vista do Proxecto do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2019 que, se me remite, esta Secretaría - Intervención, na súa función interventora, emite o presente informe, sobre a base do exame realizado a dito Proxecto:

### I. Contía:

O proxecto do Orzamento do Consorcio para o exercicio de 2020, ascende, tanto no Estado de Ingresos coma no de Gastos, á cantidad de 9.935.341,06 € (NOVE MILLÓNS NOVECENTOS TRINTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON SEIS CÉNTIMOS). En consecuencia, se presenta para a súa aprobación, sen déficit inicial, tal e como require o art. 165.4 TRLRFL e 16 do RD 500/1990, e se reflicte no informe económico financeiro.

A nivelación ponse tamén de manifesto desde o punto de vista da Liquidación practicada ao Orzamento de 2018 (aprobada en 05.02.2015), toda vez que ao manifestar un superávit e remanente de tesourería positivo, non concorren as circunstancias previstas polo art. 193.3 do TRLRFL que imponen como unha das medidas de reequilibrio (caso de non adoptarse outras) a aprobación do Orzamento cun superávit inicial da mesma contía, polo menos, ao importe do déficit producido.

Por último, cabe sinalar que a totalidade do ingreso corrente financia, tanto o gasto de natureza corrente como o gasto de capital polo que tamén, e a priori, garántese esa nivelación.

### II. Contido e Bases de execución:

O contido do Orzamento atense en xeral ao establecido nos arts. 162 e seguintes do texto refundido da LRFL e art. 4 do RD 500/1990 como máis adiante se indicará. Por outra banda, examinadas as Bases para a execución do Orzamento e que forman parte do mesmo, resulta, ao xuízo desta informante, que en principio, as mesmas conteñen as disposicións necesarias para unha adecuada e correcta xestión dos gastos e recadación dos recursos, en consonancia co previsto a estos efectos, polo art. 165.1 TRLRFL e art. 9 RD 500/90.

### III. Obrigacións de gastos e previsións de ingresos:

Tendo en conta a especial idiosincrasia desta Entidade, estimase que se seguen as disposicións precisas a fin de se conter as previsións para atender ás obrigas da mesma e os dereitos que se calcula liquidar ao longo do exercicio, non obstante atendido o previsto na TRLRFL así como no art. 23 dos Estatutos, deben facerse as seguintes consideracións:

1. A necesidade de recadación efectiva da totalidade das previsións do estado de ingresos, en especial, os incluidos nos Capítulos III e IV (que suman o 100% do total dos ingresos previstos), por implicar o fundamento sobre o que se realizará o gasto corrente e de capital da Entidade e, a fin de que, tanto ao longo da execución como ao remate do exercicio, se poña de manifesto o equilibrio fundado de ingresos – gastos e, cumprimento tamén do obxectivo de estabilidade (art. 11.2 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, en diante LOEOSF).



2. De realizarse tódolos gastos consignados e non recadarse a totalidade dos ingresos previstos, incumpriríase o principio de estabilidade orzamentaria o que podería dar lugar a aplicación de algunha das medidas que citan os arts. 21 e concordantes da citada LOEOSF, debido a repercusión que podería ter tanto nas Administracións consorciadas como na Unidade Institucional da Deputación Provincial da Coruña coa que ven consolidando o Consorcio especialmente desde a adscrición realizada pola IGAE (con efectos 01.01.2014) do Consorcio á dita Deputación.
3. Como orixe no apartado 1 dos presentes, si da liquidación que se practique e aprobe ao vixente Orzamento de 2019 se desprendera un remanente de Tesourería negativo, a primeira consecuencia grave que repercutiría en 2020 sería a necesidade de adopción dunha das medidas indicadas no art. 193 LRFL.

#### IV. Documentación que debe incluírse no Orzamento:

De conformidade co TRLRFL e demais normas que se citarán, a documentación que debe integrar o expediente comprensivo do orzamento é a seguinte:

##### 1. Documentación do art. 165 TRLRFL:

DOCUMENTOS ART. 165 TRLRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2020
Estados de Gastos, que incluirán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.	Figuran elaborados
Estados de Ingresos, onde figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar ó longo do exercicio.	Figuran elaborados
Bases de execución.	Figuran elaboradas

##### 2. Anexos que deben unirse ó expediente, esixidos polo art. 166 TRLRFL:

DOCUMENTOS ART. 166 TRLRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2020
De forma potestativa: plans e programas de inversión e financiamento que se formulen, polo prazo de catro anos.	Non figuran.
Programas anuais de actuación, inversión e financiamento das sociedades mercantís nas que o capital social teña como titular único ou maioritario a Entidade.	Non existen esas sociedades no Consorcio
Estado consolidado do orzamento da entidade e de tódolos OO.AA. e sociedades mercantís.	Non se da o suposto no Consorcio
Estado de previsión e movemento da débeda comprensiva ó detalle de operacións de crédito ou endebedamento pendente de reembolso ó principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do exercicio –distinguindo a curto ou longo prazo-, de recorrenza ó mercado de capitais e en divisas, así como a amortización que se prevé no exercicio.	Existe certificación (de 12.11.2019) negativa: inexistencia de débeda viva e prevista no proxecto de Orzamento para 2020.

##### 3. Documentos esixidos polo art. 168 TRLRFL:

DOCUMENTOS ART. 168 TRLRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2020
Memoria da Presidencia explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.	Áchase formulada e engadida (subscrita e ratificada)
Liquidación do orzamento do exercicio anterior e, avance da do corrente, referida, como mínimo, aos seis primeiros meses do mesmo.	Están unidos: - De 2018: . Resumo por capítulos da liquidación do exercicio de 2018. . Orzamentos Pechados de Gastos de Ingresos. - De 2019: . Avance por capítulos da Liquidación ata mes de xuño 2019.
Anexo de persoal da Entidade.	Áchase engadido (asinado pola presidencia).
Anexo das inversións a realizar no exercicio.	Áchase engadido (subscrito e ratificado).
Informe económico - financeiro.	Áchase emitido e engadido asinado pola Xerencia



Informe de Intervención, realizado sobre a base dos estados de gastos e ingresos e documentación que precede.

O presente informe.

**4. Documentos respecto do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e da regra do gasto esixidos pola LOEOSF:**

DOCUMENTOS ARTS. 1! E SS. LOEOSF	PROXECTO ORZAMENTO 2020
Informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA do proxecto do Orzamento (art.. 11 LOEOSF) e regra do gasto (art.. 12 LOEOSF) e aplicación do artigo 122 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.	Sendo adscrito este Consorcio pola IGAE (arts. 1 a 3 do RD 1463/2007) á Deputación Provincial da Coruña, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e regra do gasto e sostibilidade financeira, débense realizar de forma consolidada polos dous entes.

**Observacións:**

1.- En materia de ingresos compre subliñar que se prevén no capítulo III ingresos procedentes na súa maioría da taxa por mantemento do servizo de extinción de incendios (O.F. núm. 4); mais, no momento da emisión deste informe atópase en negociación a subscrpción do novo concerto coa xestora, dado que o anterior finaliza por cumprimento do prazo máximo legalmente establecido do mesmo. Polo tanto, compre advertir que non está garantido o recoñecemento destes dereitos ata a aprobación e formalización do mesmo.

2.- En materia de gastos, destaca o incremento do capítulo I, derivado do cambio de modelo de xestión, ao abeiro do disposto no artigo 85.2 da LBRL acordado en sesión plenaria de 13.09.2019; no que se determina a obriga de subrogación do persoal de intervención de acordo co artigo 44 do TRET por darse os presupostos da sucesión de empresas.

3.- Unha consideración previa require poñer de manifesto que para o exercicio 2018 a Lei de orzamentos xerais do Estado establece no seu artigo 18.2 o seguinte:

*"Dous. No ano 2018, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1,5 por cento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.*

*Ademais do anterior, se o incremento do produto interior bruto (PIB) a prezos constantes en 2017 alcanza ou supera o 3,1 por cento, engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2018, outro 0,25 por cento de incremento salarial.*

*Para os efectos do disposto neste punto, no que a incremento do PIB se refire, considerarase a estimación avance do PIB de cada ano publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).*

*Unha vez publicado o avance do PIB polo INE e logo de comunicación á Comisión de seguimento do Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo do 9 de marzo de 2018, mediante acordo do Consello de Ministros aprobarase, de ser o caso, a aplicación do incremento. Do citado acordo darase traslado ás comunidades autónomas, ás cidades autónomas e á Federación Española de Municipios e Provincias.*

*Ademais, poderase autorizar un incremento adicional do 0,2 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con función equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións. Nas administracións e resto de entidades do sector público definido neste artigo en situación de superávit orzamentario no exercicio 2017, este incremento adicional poderá alcanzar o 0,3 por cento.*

*Sete. O disposto nos puntos anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola*



*variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el.*

*Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no punto dous deberán experimentar a oportuna adecuación e serán inaplicables as cláusulas que se oponan a el.*

*Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución. Ademais, o punto tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP.*

Para o ano 2020 non está aprobado o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado.

En consecuencia, a efectiva aplicación dos créditos orzamentarios consignados neste capítulo de gastos do Orzamento debe condicionarse xurídica, económica e presupostariamente ás condicións, límites e requisitos que estableza a normativa básica estatal para este fin, sen prexuízo das normas que conteña a normativa orzamentaria autonómica e que poida resultar singularmente de aplicación.

Consignase unha aplicación 00 920 120.10 con créditos por importe do 3% das retribucións básicas, complemento de destino e específico ante un eventual incremento das mesmas a través da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2020, e dentro dos límites retributivos que esta determine. Tal dotación deben quedar condicionada, en todo caso, ao que se determine na futura Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 e en tal sentido maniféstase a base 51 de execución do orzamento.

Respecto do persoal de intervención a subrogar, prevense os créditos necesarios para derivados da aplicación das condicións retributivas que se lle sexan de aplicación conforme ao convenio correspondente á empresa de orixe.

Por outra banda, consignase na aplicación orzamentaria 00 136 143.00 unha dotación por importe de 194.706,00€ destinada ao financiamento dun posible incremento salarial, do persoal a subrogar, derivado da negociación colectiva que se atopa en fase de inicio. Neste caso tamén debe condicionarse aos acordos que se adopten polo Pleno Corporativo, mediante o procedemento legalmente establecido, despois da negociación preceptiva cos representantes do persoal e previos os informes preceptivos da Secretaría Intervención, dentro dos límites e condicións que estableza a futura LPGE 2020 ou a normativa estatal básica oportuna.

4.- En canto ao cadre de persoal, determinase con carácter provisional a súa configuración supeditando a súa eficacia e aplicación, por unha banda, á previa valoración dos mesmos na Relación de Postos de Traballo, e por outra, á aprobación da normativa estatal básica que permita a creación de novos postos de traballo e consecuente incremento na masa salarial para o exercicio 2020. En consecuencia, non se realizará ningún acto de provisión definitiva, interina ou temporal, dos mesmos ata que sexa efectiva a habilitación legal citada.

#### V. Aprobación inicial e actos posteriores:

Completada a documentación que conforma o Orzamento o expediente se sometería ao informe da Comisión que correspondera, pero, dado que nesta Entidade únicamente existe a Comisión Especial de Contas que, non ten atribuída outra distinta función que a emisión do informe correspondente á Conta Xeral do exercicio, este trámite –agás que quixerá someterse a esa comisión- non procede.

En todo caso, o art. 168.4 TRLRFL, indica que completado como quedou dito o expediente, se someterá ao Pleno antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. Sometemento que, non poderá ser, evidentemente, cumprido.

En calquera caso, o acordo plenario –de ser de aprobación- é un acordo único (xa que si fora o caso detallaría os orzamentos que integran o xeral, non podendo aprobase ningún separadamente). A adopción do acordo correspónelle ao Pleno do Consorcio en virtude do disposto polo art. 13.4 dos Estatutos, en relación co prevido polo art. 22.2.e) LRBRL. Lémbrese que a adopción deste acordo non require de maioria cualificada ningunha, nin por esixencia legal nin estatutaria, polo que basta, para a súa adopción, a maioría ordinaria simple.



Aprobado inicialmente o Orzamento, exporase o público mediante a inserción do edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia durante o prazo de quince días hábiles, a fin de que durante o mesmo, poda ser examinado e, no seu caso, presentarse –ante o Pleno- polos interesados que a tales efectos cita o art. 170.1 TRLRFL, as reclamacións que estimen por conveniente, áinda que, únicamente polos motivos taxados que a estos efectos establece o art. 170.2 TRLRFL.

Caso de non se presentar reclamacións, o acordo inicial se eleva automaticamente a definitivo, sen necesidade de adopción expresa doutro, debendo procederse, de seguido, á publicación preceptiva ordenada polo art. 169.3 TRLRFL.

De presentarse reclamacións, o Pleno conta co prazo dun mes para, e previos os informes que proceda, resolver as mesmas no acordo de aprobación definitiva, procedéndose de seguido na forma indicada no apartado que precede.

## **VI. Reclamacións na vía administrativa e recurso na xurisdiccional:**

Existen dous momentos procesuais diferenciados que, por ilo, reflictan distintos ámbitos (administrativo e xurisdiccional), en canto a posibles impugnacións:

### a) Aprobación inicial:

Contra a aprobación inicial do Orzamento, unha vez publicado o edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia, poderán presentarse reclamacións polos interesados ós que cita o art. 171.1 TRLRFL, no prazo de 15 días hábiles (contados a partires do seguinte, tamén hábil, ó da aparición do indicado anuncio) e polos motivos taxados que sinala o apartado 2 do propio art. 171 citado.

### b) Aprobación definitiva:

Aprobado definitivamente o Orzamento, ben por acordo expreso, ben por elevación automática a definitivo do inicialmente adoptado, e unha vez realizada a correspondente publicación (art. 169.3 TRLRFL), poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso – administrativo, de conformidade co previsto polo art. 171 TRLRFL, áinda que este mesmo artigo indica que dita interposición, por si mesma, non suspende a aplicación do orzamento recorrido.

## **VII. Remisións, entrada en vigor e actuacións conexas:**

O orzamento entrará en vigor unha vez producida a publicación dos resumos que cita o art. 169.3 TRLRFL. Deberá remitirse (ao tempo que se fai o envío da publicación ó BOP –do art. 169.3 TRLRFL- do anuncio da aprobación definitiva) copia do orzamento ás Administracións da Comunidade Autónoma e á do Estado, tal e como require o art. 169.4 da propia TRLRFL.

Así mesmo, deberá remitirse copia suficiente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais aos efectos do cumprimento da estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e regra do gasto, dentro do prazo máximo dos tres meses a partires da data da aprobación definitiva do Orzamento. Estas remisións realizaranse dunha única vez de forma telemática na Plataforma AUTORIZA habilitada polo Ministerio de Facenda, remisión, ademais, que se fai simultaneamente e de forma consolidada coa Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, ás citadas Administracións públicas (Estado e Comunidade Autónoma), deberá tamén remitirse o Cadro de Persoal aprobado con ocasión do orzamento, no prazo non superior aos trinta días desde producida a aprobación definitiva do orzamento e sen prexuízo da publicación íntegra daquel no BOP, tal e como require o art. 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.



Por último, lembrase que a aprobación do Orzamento deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse (art. 169.2 TRLRFL) para que o mesmo, entre en vigor (art. 70.2 LRBRL, art. 169 TRLRFL), tendo en conta que, do contrario, entra en xogo a prorroga legal que cita o propio art. 169 LRFL no seu apartado 6.

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación e/ou aplicación da documentación que se me presenta e do Ordenamento Xurídico vixente, non obstante, o Pleno do Consorcio co seu superior criterio, adoptará o acordo que, axustado a Dereito, estime más oportuno para os intereses e fins da Entidade.

Carballo, 12 de novembro de 2019.  
**A secretaria - interventora,**  
Asdo.: Ma. Graciela Riveiro Moreira.

*[Handwritten signature of Ma. Graciela Riveiro Moreira]*

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA. SECRETARÍA DE INTERVENCIÓN